

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 5 DE NOVEMBRO DO 2007.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día cinco de novembro de dous mil sete; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 29 de Outubro do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **LICENZAS OBRAS MAIORES.-**

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a

eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

### **EXPTE. Nº: RIB/N/80.2/06.**

**A NOELIA MARTIÑA GOMEZ SERRAPIO NA REPRESENTACION DE PROMOCIONS RAMIRANS DOUS S.L.,** con domicilio na rúa Arquitecto de la Sota nº 5, baixo, Pontevedra, para levar a cabo as obras de construción de edificio de dous sotos, planta baixa, cinco plantas de pisos e planta baixo cuberta no inmovible sito na rúa 1ª Transversal piscinas s/n, desta vila, que se realizarán segundo o proxecto de Execución e Urbanización redactados polo arquitecto D. Manuel Requejo Conde con visado de 23 de maio.

#### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Construción de edificio de dous sotos, planta baixa, cinco plantas de pisos e planta baixo cuberta.

**Contía na que se orzan as obras:** 1.494.970,26 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Transversal piscina s/n..

**Redactor do proxecto:** D. Manuel Requejo Conde.

**Dirección de Obras:** D. Francisco José Seoane Fernández.

**Nome ou razón social do promotor:** Ramirans Dous S.L..

**Prazos:** Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 14.09.06, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 35.202,70 euros, e visto o orzamento estimado que figura no expediente e que ascende a 1.494.970,26 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, por importe de 3.666,52 euros.

**Outros condicións:** Consta licencia outorgada pola Xunta de Goberno de data 19-02-07. A obra executarase de acordo o "Proxecto de Execución de edificio de dous sotos,

planta baixa, cinco plantas piso e planta baixo cuberta (30 vivendas)”, con data de visado colexial de 23 de maio de 2007, redactado polo arquitecto D. Manuel Requejo Conde, estando o seu cargo a Dirección Facultativa das Obras e a Dirección da Execución Material das Obras a cargo do arquitecto técnico D. Francisco José Seoane Fernández.

Consta Estudio de Seguridade e Saúde, con data de visado colexial de 27 de maio de 2007, redactado polo arquitecto técnico D. Francisco José Seoane Fernández, estando o seu cargo a Coordinación en Execución.

Consta “Proxecto de Urbanización de semivial e o estudio básico de seguridade e saúde”, con data de visado colexial de 23 de maio de 2007, redactado polo arquitecto D. Manuel Requejo Conde.

Consta Proxecto de Infraestrutura Común de Telecomunicación, con data de visado colexial de 27 de abril de 2007, redactado polo enxeñeiro superior de telecomunicacións D. Julio Pérez Formoso.

Estarase o disposto no Informe de Aqualia, de data de 14 de agosto de 2007, respecto das conexións coas redes xerais de abastecemento de auga e de saneamento (Acompañase fotocopia).

A urbanización deberase realizar de forma simultánea á edificación, debendo depositar en forma regulamentaria aval ou fianza por importe de 32.740 euros.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.-**

**Expte: 25/09/2007/4880-CU/ 302:** Vista a solicitude de **Dona Carmen Amill Rodríguez**, con domicilio na rúa Formigueira, Francelos, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito nas Laxas, Francelos (Ref. Catastral 97.11.7-08), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 05.11.07, que literalmente di:

1. “A parcela con Referencia Catastral 97.11.7-08, á que se refire a solicitude de **Condicións Urbanísticas** encóntrase en solo clasificado como Urbano, B-II.
2. A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, supeditando a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. modificada por la Lei 15/2004, de 29 de decembro; Lei de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

As NNSSM, sinalan no punto 4.10.2 da **NORMATIVA URBANÍSTICA II PRESCRIPCIÓN S DE ORDENACIÓN S ESPECÍFICAS.**

Sínálase para Francelos como figura de desenvolvemento un PERI como estudio diferenciado.

O seu ámbito territorial sínálase no plano correspondente das NNSSM.

A Ordenanza CU, **CONXUNTO URBANO EN CONSERVACIÓN PARCIAL DE CARÁCTER 4.8.** A súa consideración será á efectos de fixar criterio do propio elemento de

desenvolvemento (PERI) sen dispoñer en forma precisa, de alienacións, rasantes, aproveitamentos, pormenores estéticos por área etc. condicións que corresponderán á figura do PERI, tramitado en forma regulamentaria.

No propio expediente constarán as razóns e situación administrativa do PERI.

3. O “Carácter” aplicable deberá ser o de la tipoloxía correspondente á edificación illada en condicións particulares que sinala a Ordenanza C.U. Categoría B en concorrencia á 4.8 e sempre supeditado ás disposicións xerais que se concretan nas “Normas de Aplicación Directa”, Art. – 104 e seguintes da LOUGA.

#### 3.1 Alienación frontal de cerre de parcela.

A Alineación será tomando como referencia a vivenda nº 34, línea formada por os pilares que soportan a terraza frontal, sendo dito ancho total entre alineacións de seis metros.

4. Dada a distancia á Igrexa de San Xes. Monumento Histórico Artístico según Decreto de 20 de abril de 1951, BIC, calquera actuación requirirá do preceptivo informe da Consellería de Cultura. (65 metros).
5. Axúntase co presente informe:
  - a. Reportaxe Fotográfica.
  - b. Plano Alineacións, Nº 1 , Escala 1: 500.
  - c. Plano Ordenación, Plano Nº 2 , Escala 1: 1.000 (B-II).
  - d. Plano Catastral.
  - e. Ordenanza CU-B.”

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-Da Fegamp, escrito presentado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria relativo os custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria.

-Da Confederación Hidrográfica do Norte, Resolución de data 19-10-07 relativo a autorización para a limpeza e desbroce da vexetación e plantación de cesped en ámbolos márxenes do río Avia.

-Da Confederación Hidrográfica do Norte, Resolución de data 19-10-07 relativo a autorización para a corta de 2 alisos, 1 arce, 1 sauce e desmoche de diversas especies na zona de policía do río Avia en A Quinza, San Paio e Ventosela.

-Da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, remitindo Circular nº 20/2007 relativa as correccións ao Programa de Vixilancia Sanitaria de Augas de Consumo.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACION DO PROXECTO DENOMINADO RECUPERACION DO CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA INFRAESTRUCTURAS XERAIS-PRAZA FONTE DA PRATA.-**

“Visto o proxecto técnico denominado “Recuperación do Casco Histórico de Ribadavia. Infraestructuras Xerais- Praza Fonte da Prata”, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Don Casimiro Fontenla Bugallo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar o proxecto denominado “Recuperación do Casco Histórico de Ribadavia. Infraestructuras Xerais-Praza Fonte da Prata”, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Don Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento de execución por contrata de 61.985,22 euros”.

### **GASTOS E FACTURAS VARIAS.-**

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

- RED DE JUDERIAS DE ESPAÑA-CAMIÑOS DE SEFARAD. Cota ano 2007, por importe de 13.500 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.